

1 Líder



OUTRO SOÑO CUMPRIDO

Lucía Pardo é a primeira lucense que recibe a chamada dunha Selección Española feminina. A xogadora do PM Friol deu os primeiros pasos no fútbol sala da man do Concello de Outeiro de Rei para máis tarde iniciar a súa andaina no fútbol campo na Milagrosa, dende onde partiu, con 15 anos, ao seu actual equipo



1 1

LIGA NACIONAL XUVENIL

Agónico punto para o Rácing Villalbés tras merecer os tres en xogo

Os de Cholas disputaron a mellor primeira parte da tempada e dispuxeron de moitas ocasións. Malia iso, o Porriño mantívose con vida e a falta de dous minutos adiantouse no marcador. Nico, no tempo de desconto, selou o empate ao rematar un córner

LIGA GALEGA XUVENIL

5 2

O VIVEIRO DE XAIME E SERRANO xa dá froitos. Os celestes impuxéronse ao Galicia Caranza nun dos encontros máis completos da tempada na categoría de bronce do fútbol base xuvenil

LIGA GALEGA INFANTIL

1 1

TÁBOAS NAS GÁNDARAS O Lugo empatou ante o potente Xuventude Oroso, que se adiantou no marcador, pero André, cun golazo, asinou o un a un definitivo a falta de tres minutos para o final do encontro

O gol séguelle dando as costas ao Lugo na Cheda

TERCEIRO ENCONTRO CONSECUTIVO no que os lucenses rematan o encontro na casa sen ver portaría rival

Empate na Cheda entre Lugo e Ural nun partido de dominio lucense, pero no que por terceiro encontro consecutivo os de Juan Subirán quedáronse sen ver portaría en casa.

O Ural chegaba coa moral alta tras impoñerse no derbi herculino a pasada xornada por tres goles a cero ao Deportivo, pero priorizou non encaixar goles e manter o cero a cero inicial que buscar os tres puntos na Cheda.

O Lugo tivo o control do partido a partir da posesión do balón desde os primeiros minutos, pero a sensación de que faltaba fluidez para romper o entramado defensivo dun Ural con defensa de cinco foi unha constante desde os primeiros compases do xogo.

En defensa os lucenses estiveron sólidos e atentos ao fútbol directo co que intentaba sorprenden o Ural tras roubo de balón. Os herculinos, con Emilio Viqueira, ex do Lugo no once inicial, apenas crearon perigo ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos de xogo.

Na segunda parte practicamente xogouse en campo do Ural, de



Árbitro: David Perreira. Brais García e Boutzakate Abdelouadoud Campo: A Cheda

“TENEMOS QUE APRENDER A SER MÁS VERTICALES Y DECIDIDO EN LA FINALIZACIÓN”

JUAN SUBIRÁN - Club Deportivo Lugo

novo con moita posesión pero sen profundidade no xogo, botando en falta os de Subirán a Ernesto e David Guitián, ambos sancionados tralo encontro da pasada xornada en Gijón.

Debutou Herrero en banda e intentou darlle mordente ao xogo, pero o Ural non tivo fisuras e apenas concedeu ocasións.

A máis clara do encontro chegou na recta final, cun gol anulado a Schuster por fóra de xogo tras unha parede con Eloy nunha das últimas accións do encontro.

Ao final, reparto de puntos que deixa mellor

sabor de boca para o Ural, mentres que o Lugo quedouse ás portas da vitoria no seu terceiro encontro consecutivo sen marcar na Cheda e o quinto consecutivo sen gañar na División de Honra xuvenil.

Próxima xornada

O Club Deportivo Lugo viaxa a Santander a próxima xornada en busca dos tres puntos para poñer terra polo medio cos postos de descenso. Para iso os de Juan Subirán necesitan impoñerse a un clásico da competición, o Bansander, que vén de perder en Abegondo pero que aínda non

270

MINUTOS SEN MARCAR na casa leva o Lugo na División de Honra tras empatar co Marina Sport, perder con Rácing de Santander e empatar co Ural nesta última xornada

1

DEBUT DE HERRERO

O extremo albivermello disputou os seus primeiros minutos na máxima categoría xuvenil. A pasada tempada militou no Rácing Villalbés en Nacional e esta no xuvenil B, tamén na categoría de prata

9

PUNTOS PARA URAL E LUGO

Ambos equipos ao borde dos postos que marcan o corte de permanencia con dúas vitorias, tres empates e catro derrotas nas nove xornadas disputadas ata o momento

coñece a derrota esta tempada en casa tras asinar tres vitorias ante Rácing de Ferrol, Perinés e Rocés, e de empatar co Avilés nas catro xornadas que disputaron como locais esta tempada na División de Honra xuvenil.



Herrero sacando un centro no seu debut na categoría



Xabi Dominguez desbordando pola banda esquerda



Schuster nun man a man co porteiro herculino



Eloy a piques de meter o balón na área

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE





Nico celebrando o gol do empate con Javi no Roca

Nico salvou un punto para o Villalbés no tempo engadido

O MONÓLOGO RACINGUISTA non tivo o premio da vitoria e incluso o Porriño se adiantou a falta de dous minutos para o noventa

O Rácing Villalbés celebrou ao grande o punto conseguido ante o Porriño, algo que ao longo do encontro disputado no Roca semellaba un castigo máis que un premio.

Con todo, o desenlace final fixo que fose ben recibido, especialmente tras encaixar o sorprendente cero a un a dous minutos do final do encontro.

Ata entón o partido foi un monólogo racinguista, disputando os de Cholas a mellor primeira parte da tempada na que tan só concederon un córner en contra, mentres que en ataque as ocasións sucedéronse.

Speedy e Rares nutríron de balóns con perigo ao Villalbés desde ambas bandas ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos, nos



Árbitro: Iván Abel Bruzos, Alberto Blanco e Adrián Fernández. Campo: Estadio Roca, Villalbés

que increíblemente o marcador non entrase sucedéronse, e tralo descanso o partido abriuse un pouco máis ao ver o Porriño que tiña inmunidade defensiva.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

XAIRO 10 10 10

SPEEDY 10 10

RARES 10

Os minutos pasaban e parecía que o Rácing se tiña que resignar co empate, pero cando ninguén o esperaba, o único erro defensivo foi castigado co cero a un. O Villalbés tocou fondo, pero levantouse e no tempo de desconto Nico rematou un saque de esquina lanzado por Javi para establecer o un a un final que se celebrou coma unha vitoria.

"TUVIMOS SOBRE TODO EN LA PRIMERA PARTE DEL ENCUENTRO, GENERANDO OCASIONES SUFICIENTES PARA HABER GANADO ESTE PARTIDO. FELICITO AL EQUIPO POR NO BAJAR LOS BRAZOS CUANDO PEOR PINTABAN LAS COSAS" CHOLAS - Villalbés



Javi aguantando o balón entre dous defensas e López



Buján co esférico entre dous defensas do Porriño

O Lugo B tivo demasiados factores na súa contra

BAIXAS, LESIÓNS E UN GRAN PONTEVEDRA mermaron as opcións dos albivermellos ante un dos conxuntos máis físicos da Liga Nacional xuvenil

3

AUSENCIAS

Brais Prados non puido contar con Rodrigo, Herrero e Pérez, que xogaron co xuvenil A de División de Honra, ademais do inconveniente da lesión de Samu aos dez minutos de partido

dos a xogar un pouco máis directo, o Pontevedra aproveitaba o seu maior físico para impoñerse, gañar as segundas xogadas e poder saír á contra.

Ao descanso chegouse con un a cero tras unha acción á contra que finalizou con fortuna un dianteiro local. Xa na segunda parte, aos oito minutos chegou o dous a cero co que o partido quedou practicamente visto para sentenza.

O Lugo B, con tan só dous cambios para refrescar o equipo, viuse superado polo potencial físico dun Pontevedra que levou o marcador ata o catro a cero, mentres que tan só cedeu unha ocasión na que Brian estrelou o balón no poste.

O Lugo B recibirá na próxima xornada ao Pabellón Ourense, cuarto clasificado da Liga Nacional xuvenil.



Alex subindo o balón nun encontro disputado na Cheda



Árbitro: Alberto Gómez, Iago Caeiro e Pablo Bacariza. Campo: Chan do Monte

A Liga Nacional xuvenil, sobre todo na primeira volta do campionato, é unha competición na que dar calquera tipo de facilidade castigase.

O Lugo B presentouse en Pontevedra con ausencias trala convocatoria de Pérez, Herrero e Rodrigo co

equipo de División de Honra, e tivo que lidiar coa lesión de Samu aos dez minutos de xogo, quedando moi xustos de efectivos para refrescar o equipo co paso dos minutos. Todo iso viuse reflectido no marcador final coa clara vitoria do Pontevedra, un dos equipos máis físicos da

"PARTIDOS COMA ESTE SÉRVENNOS PARA VER A DIFICULTADE DESTA COMPETICIÓN. FAREMOS AUTOCRÍTICA E SEGUIREMOS TRABALLANDO PARA MELLORAR"

BRAIS PRADOS - CD Lugo B

competición, e nun campo de reducidas dimensións no que as disputas e as segundas accións gañan moito protagonismo.

Deste xeito ao Lugo B cedéronlle o balón e deixáronlle saír ata medio campo sen apenas oposición para que os lucenses deixasen espazos ás costas da súa defensa.

No medio o Pontevedra exerceu unha presión moi intensa, polo que o Lugo B non podía seguir combinando. Ao verse obriga-

O binomio Serrano e Xaime xa dá os primeiros froitos

SEGUNDA VITORIA DA TEMPADA para un Viveiro renovado en ilusión trala chegada do futbolista do primeiro equipo ao staff técnico do cadro celeste

VIVEIRO CF **5** **2** **GALICIA CARANZA**
Goles: Noel, Diego (2), Borja e Xoel Eijo. Got: Pedro e Alexandre.



Árbitro: Manuel Graña, Javier Lanzós e David Méndez. Campo: Marcos Gómez, Viveiro

10

TITULARIDADE de Noel tras máis dun ano ausente dun once inicial por lesión. O punta, que volveu á senda do gol a pasada xornada, abriu o marcador ante o Galicia Caranza nesta



Xogadores e corpo técnico do Viveiro celebrando no vestiario a vitoria

"CON ESTE NIVEL DE ENTUSIASMO Y COMPROMISO SALDREMOS DE LA ZONA BAJA MÁS PRONTO QUE TARDE"

ANTONIO SERRANO - Viveiro Club de Fútbol

O Viveiro reencontrouse cos tres puntos na Liga Galega xuvenil tras cinco xornadas sen gañar. Unha vitoria xusta e merecida nun encontro no que o binomio formado por Antonio Serrano e Xaime deu os seus primeiros froitos.

O técnico mariñao está ausente nos adestramentos de martes e xoves por motivos laborais, polo que o futbolista do primeiro equipo, Xaime, dirixe estas dúas sesións. Serrano únese o venres e conxuntamente dirixen este adestramento e o

encontro da fin de semana.

O inicio de tempada estivo marcado polas ausencias por distintos motivos, a maioría por lesións e sobre todo pola falta de puntos que ten ao Viveiro na zona baixa da clasificación. O equipo necesitaba un revulsivo e este chegou forzado, pero moi ben asimilado polo persoal que ante o Galicia Caranza mostrouse comprometido e con ilusións renovadas.

A primeira parte terminou co cero a cero inicial e sen apenas

presencia nas áreas. No descanso Antonio Serrano e Xaime apostaron por unha presión máis alta que non tardou en dar os seus froitos, xa que aos cinco minutos Noel, que volvía a un once inicial tras máis dun ano ausente deles por lesión, inaugurou o marcador ao rematar un centro de Jorge.

O Viveiro non se conformou, cheirou o sangue e foi a por máis golos. Diego fixo o segundo ao aproveitar unha indecisión defensiva dos ferroláns e trala

expulsión dun xogador do Galicia Caranza, Diego, que asinou dous golos, deu unha asistencia e forzou un penalti sendo o xogador máis determinante do encontro ao facer tamén o tres a cero co que o partido quedou visto para sentenza.

Borja ampliou a conta cun remate de cabeza antes de que o Galicia Caranza maquillase un pouco o resultado final que pechou Xoel Eijo ao transformar un penalti.

Naufraxio do Rácing Villalbés B na segunda parte

TRALO 1-1 co que se chegou ao descanso, o Boiro tivo máis intensidade que os chairegos

BOIRO **5** **1** **RC VILLALBÉS B**
Goles: Alberto (2), Mario (2) e Diego. Got: Miguel



Árbitro: Sergio Miguens, Jose Sánchez e Diego García

"PARECÍA QUE NON IBA CHOVER EN BOIRO E NA SEGUNDA PARTE ALGÚN NON TROUXO NIN PARAGAS NIN CHUVASQUEIRO"

IVÁN LAMAS - Rácing Club Villalbés B

O Villalbés B mostrou dúas caras nun dos campos máis complicados da categoría tras medirse a un Boiro instalado no podio da Liga Galega xuvenil. Os de Iván Lamas viñéronse abaixo física e mentalmente na segunda parte tras chegar ao descanso con empate a un no marcador.

A posesión foi para o Boiro nos primeiros corenta e cinco minutos,

pero sen ocasións claras salvo por algunha chegada e centro por banda e polo un a cero, que chegou pasado o cuarto de hora tras un penalti.


O Villalbés B mantívose firme na primeira parte e empatou por medio de Miguel tras unha acción individual que finalizou cun certo remate cruzado antes do descanso.

Na segunda parte o Boiro conseguiu imprimirlle unha marcha máis ao partido, e ao Villalbés acendéuselle moi pronto a luz da reserva fisicamente e con iso baixou moita a intensidade en cada acción.

O Boiro foi máis intenso e tomou de novo vantaxe tras unha falta lateral, e cun balón longo e outra acción a balón parado sentenciou o partido co catro a un ata chegar ao cinco a un final nunha segunda parte na que o único positivo foi o debut de Raúl Díaz na Liga Galega xuvenil.

A Resi mantén o goteo de puntos

ESTRADA **0** **0** **RESIDENCIA**



Árbitro: Enrique Refajo, Diego Fernández e Isaac García

Por primeira vez esta tempada a Residencia puntuou en dúas xornadas seguidas. Os de Adrián Vázquez fixérono tras gañar ao Victoria B a pasada xornada e empatar na Estrada nesta, tras un encontro no que pese a non estar lúcidos con balón, estiveron seguros en

TRALA VITORIA NA CHEDA empataron na Estrada a cero



Cristhian presionando a un xogador rival ante a mirada de Yoel

defensa e dispuxeron das mellores ocasións do partido para gañar.

A media inglesa de vitoria en casa e empate fóra poñerase a proba a próxima fin de semana na Cheda ante o Orillamar.

Na Estrada, o fútbol directo traballo, pero cando o tivo salvou

OS MELLORES RESIDENCIA
CONDE
GARCÍA
LIS

"SACAMOS UN BO PUNTO A PESAR DE NON ESTAR DE TODO FINOS CO BALÓN"

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

o un a cero na única chegada local con perigo na primeira parte.

Xa na segunda, coa entrada de Cancio e Yoel, a Residencia volveu mellorar cos cambios tendo máis protagonismo entre liñas e chegadas por banda, polo que o goteo de ocasións foi máis fluído.

Lis non puido controlar ben un pase de Conde e este non chegou por pouco a un centro de Yoel, que tivo unha acción ao borde da área na que un defensa local sacoulle o balón en última instancia ao centrocampista branquiazul.

Conde, cun disparo que se foi por encima do largueiro, tivo a última ocasión para unha Residencia segura en defensa que terminou o encontro buscando os tres puntos con máis insistencia que o seu rival.

Freire devolveu ao Lugo á senda da vitoria en Pontevedra

DOUS GOLES DO EXTREMO valeron para cortar a xeira de tres derrotas consecutivas dos de Dani Galán na División de Honra cadete ante o colista da clasificación



O Lugo volveu á senda da vitoria na máxima categoría do fútbol cadete tras impoñerse en Pontevedra con dous goles de Freire nun partido trampa, xa que os lucenses visitaban ao último clasificado, o Lérez, cunha dinámica negativa de tres derrotas consecutivas.

A igualdade reinou mentres se mantivo o cero

a cero no marcador. Abrir a lata era o máis difícil ante un Lérez moi replegado que buscaba estar o maior tempo posible co cero a cero inicial para buscar as súas opcións co paso dos minutos.

O guiño previsto cumpriuse e a primeira media hora foi de poder a poder, ata que unha xogada individual de Freire, que finali-



Juanma, Hugo, Lombardía e Pablo celebrando un gol esta tempada na Cheda

zou cun golazo, desnivelou o marcador e o encontro.

A partir de aí o Lugo xogou con máis tranquilidade ante un Lérez que complicou o control do xogo lucenses, pero que non xerou ocasións de gol.

Xa na segunda parte o cero a dous era o gran obxectivo e o Lugo saltou ao campo coa intención de buscalo canto antes. Os de Dani Galán tiveron máis presenza con balón en campo rival e xeraron

máis sensación de perigo en accións a balón parado. Nunha delas, anulóuselle un gol a Hugo tras unha falta lateral lanzada por Alesito.

Acto seguido chegou o premio do gol co cero

“ERA IMPORTANTE SUMAR OTRA VEZ DE TRES EN TRES PARA CORTAR LA RACHA NEGATIVA DE RESULTADOS QUE LLEVÁBAMOS EN LAS ÚLTIMAS JORNADAS”

DANI GALÁN - CD Lugo

a dous que sentenciou o encontro. Freire rematou ao fondo das mallas un centro desde a dereita no segundo pau co que puxeron fin á resistencia local.

O Lugo quedouse cun xogador menos o cuarto de hora final tras ver Nodar a segunda tarxeta amarela, pero os lucenses tan só concederon un disparo a porta ante un Lérez que apenas inquietou.

Próxima xornada

O Pabellón Ourense será o próximo rival. Os ourensáns chegarán a Lugo tras catro xornadas sen coñecer a vitoria.

O Rácing Villalbés continúa coa pólvora moi mollada

UNHA VEZ MÁIS, a contundencia en ambas áreas volveu castigar aos de Jandro Novoa cunha derrota



“CONSEGUIMOS ADAPTARNOS A LO QUE PEDÍA EL ENCUENTRO, PERO NOS MEDIMOS A UN GRAN RIVAL COMO ES EL BOIRO”

JANDRO NOVOA - Villalbés

11

INICIAL Jandro Novoa repetiu equipo inicial respecto á xornada pasada, na que o Rácing Villalbés se mediu, tamén a domicilio, co San Tirso na Coruña

táronse en repliegue e buscaron as contras para crear perigo, un plan que estivo a piques de saír a pedir de boca, xa que a primeira ocasión clara de gol foi para o infantil Carlos, referencia en ataque neste encontro, cun remate rozando o poste.

Pola súa banda, o Boiro tivo cun disparo ao largueiro a súa mellor ocasión nunha primeira metade na que o Villalbés non sufriu e deu sensación de perigo á contra.

Na segunda parte repetiuse o guiño, pero coa contundencia a cargo dun Boiro que se adelantou aos oito minutos tras un rexeite de Diego.

A partir de aí, o Rácing adiantou liñas e dispuxo por medio de Hugo e Diego de claras ocasións para empatar nun encontro no que terminaron con defensa de tres e metendo ao quinto clasificado no seu campo para manter a vantaxe no marcador ata o asubio final do colexiado.

O Rácing segue competindo a un nivel superior do que indica a súa posición na táboa clasificatoria. Os de Jandro Novoa, que aínda non coñecen a vitoria esta tempada, cederon pola mínima en Boiro

OS MELLORES RC VILLALBÉS
MARTÍN 2 2 2
LOSADA 2 2
MARIO 2

ante o quinto clasificado nun novo partido no que as sensacións foron mellores do que indica o marcador. Os locais quixeron o balón desde os primeiros minutos e o Villalbés cedeullo. Os chairegos nun-

A Milagrosa volveu deixar escapar parte do botín

O EMPATE LOCAL CHEGOU NO TREITO FINAL, coma ante o CD Lugo B na pasada xornada en Frigsa



“VOLVIMOS A GENERAR OCASIONES PARA PODER CERRAR EL PARTIDO. NO LO HICIMOS Y SE NOS VOLVIERON A ESCAPAR DOS PUNTOS”

MADRILES - Milagrosa

4

PUNTOS se lles escaparon á Milagrosa nos últimos minutos dos últimos dous partidos. Ante o Lugo B en Frigsa e ante o Estrada esta xornada

A Milagrosa volveu empatar a un nun partido moi similar ao da pasada xornada ante o Lugo B.

Nesta ocasión os de Madriles desprazáronse a Estrada para medirse co último clasificado, un rival que aínda non coñece a vitoria esta tempada e que

sumou o seu segundo punto do curso.

Os lucenses tomaron o mando do partido desde os primeiros minutos e froito diso chegou o cero a un aos once de xogo, ao rematar Diego Cabarcos

un centro de Rafa.

Rafa e Bruno Vasco tiveron dúas ocasións moi claras para ampliar a diferenza antes do descanso, nunha primeira parte na que o Estrada non chegou con perigo en ningunha ocasión aos dominios de Borja.

Tralo paso polos vestiarios o Estrada saíu con ánimos renovados, chegando a tres cuartos de campo rival con máis facilidade e sacando centros ante os que a zaga mostrouse segura.

Diego Cabarcos volveu amagar con sentencia, pero a Milagrosa, como ante o Lugo B a pasada xornada, non matou o partido cando

puido facelo volveuse quedar sen dous puntos nunha nova acción illada. Nesta ocasión, tras varios rexeites na área lucense, o Estrada rescatou un punto a falta de dez minutos para o final do encontro.

OS MELLORES MILAGROSA
NICO 2 2 2
DIEGO 2 2
RAFA 2



Xogadores celestes saudando ao remate do encontro

O Viveiro alza o voo cunha remontada

XUSTA VITORIA DOS DE SERGIO IGLESIAS con goles de Mendaña e Hugo na segunda parte dun encontro de claro dominio celeste

VIVEIRO CF	2	1	GALICIA CARANZA
Goles: Mendaña e Hugo.			Gol: Mathias

Árbitro: Ángel Ron, Raúl López e Jorge Michelena **Campo:** Marcos Gómez, Viveiro

O Viveiro sumou tres puntos importantes, pero a forma na que se conseguiron son unha gran dose de moral e confianza para os celestes.

En fronte tiñan a un Galicia Caranza que chegaba ao Marcos Gómez en dinámica ascendente tras impoñerse nos dous últimos encontros por 7-1 e 2-5. Ademais os ferroláns

adiantáronse no marcador na primeira parte cun gol tras saque de esquina, escenificando que as accións a balón parado seguen sendo unha dor de moas para os celestes.

Malia chegar ao descanso con cero a un, a sensación era de que se podía remontar o encontro. Nos vestiarios Sergio Iglesias motivou aos seus

“LOS JUGADORES ESTÁN CREYENDO EN EL TRABAJO QUE ESTAMOS REALIZANDO Y YO SABÍA QUE NOS TRAERÍA BUENOS RESULTADOS. PERO AÚN TENEMOS MUCHO CAMINO QUE RECORRER”

SERGIO IGLESIAS - Viveiro Club de Fútbol

xogadores e viuse unha moi boa versión celeste nos segundos corenta minutos, nos que os cambios introducidos tiveron moito protagonismo.

Un deles, Mendaña, asinou o empate tras aproveitar o rexeite dun disparo de Adrián desde fóra da área. A dinámica ascendente do Viveiro non se detivo co empate e Hugo deulle a volta ao marcador, volvendo ao once inicial pola porta grande tras superar unha lesión asinando un golazo ao poñer o balón na escuadra cun disparo afas-

Con vinte minutos por

1

DEBUT DE ADRI DÍAZ

O xogador en idade infantil disputou os seus primeiros minutos na Liga Galega cadete con moi boa nota e Hugo volveu tras lesión ao once inicial asinando un golazo co que o Viveiro remontou o encontro

dante o Viveiro tivo o partido baixo control. Debutou o infantil Adri Díaz e fixoo con minutos de moita calidade, dando pausa con balón, e ata o Viveiro puido ampliar a conta cun disparo que se foi rozando o poste nos minutos finais do encontro.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

HUGO 2 2 2

SERGIO 2 2 2

CARLOS 2



Adrián controlando o esférico en medio campo



Os xogadores do Viveiro celebrando un gol efusivamente

Máxima efectividade herculina para derrubar o fortín lucense

1

GOL EN CONTRA

O Lugo B encaixou o primeiro gol esta tempada na casa en practicamente a única ocasión, co que o Imperátor consegue ser o primeiro equipo que puntúa esta tempada nas Gándaras

353

MINUTOS SEN ENCAIXAR

goles nos partidos disputados na casa. O Lugo B deixou o récord en practicamente catro partidos e medio, polo que a conta volve a estar en a cero para intentar superalo



Ayman co balón ante dous defensas do Imperátor



Rosón, que volveu ao once inicial, co balón en mediocampo

PRIMEIRO GOL EN CONTRA e primeira derrota do CD Lugo B esta tempada nas Gándaras

CD LUGO B	0	1	IMPERÁTOR
			Gol: Jairo

Árbitro: Adrián Fernández, Brais Piñeiro e Juan Fernández **Campo:** Rodríguez Lago, As Gándaras

Un solitario gol pasada a media hora inicial de xogo propiciou a primeira derrota en casa para un Lugo B que ata ese momento non sabía o que era recibir un gol nas Gándaras.

Os de Antón Méndez mereceron mellor premio, xa que pese a verse un

partido moi igualado, sobre todo na primeira parte, o Imperátor viu porta practicamente na súa única ocasión con perigo ante os dominios de Raúl.

Sen ter un xogo do todo fluído, o Lugo B xerou máis perigo na primeira parte, na que Ayman, tras un

“EL EQUIPO HIZO MÉRITOS A LO LARGO DEL ENCUENTRO PARA, COMO MÍNIMO, PODER PUNTUAR EN ESTE ENCUENTRO”

ANTÓN MÉNDEZ - CD Lugo B

rexeite dun disparo afasado de Marco, tivo a ocasión máis clara.

Xa na segunda parte o Lugo B tivo unha posta en escena máis intensa na que tivo máis claridade con balón, chegadas por banda coa entrada no campo de Brais e un goteo de ocasións sen finalizar que foron unha constante ao longo dos segundos corenta minutos de xogo.

Pérez e Ayman, con senllos remates, e Marco cun disparo cruzado, foron os protagonistas das accións de perigo máis claras para poder empatar

un partido que se levou o Imperátor con máxima efectividade para derrubar por primeira vez esta tempada o fortín do Lugo B nas Gándaras.

Próxima xornada

Os de Antón Méndez teñen unha complicada saída a próxima xornada, na que visitan Santiago e o Campo da Merced para medirse a un Compostela instalado no segundo posto da clasificación e que tan só perdeu un encontro dos nove disputados neste inicio da Liga Galega cadete.



Diego trata de controlar o esférico no aire



Xabi Iriarte trata de zafarse da presión dun contrario



O branquiazul Raúl freando unha acción do Oroso

Táboas nun duelo de altura

EMPATE ENTRE LUGO E XUVENTUDE OROSO, dous dos mellores equipos da Liga Galega infantil. Tras adiantarse os visitantes, André, cun golazo, asinou o reparto de puntos final



Árbitro: Jesús Adán. Anal Vázquez. Alejandro Cillero Campo: Rodríguez Lago

CD Lugo e Xuventude Oroso empataron nun duelo de alturas entre dous dos mellores equipos da competición. Os visitantes, que tan só per-

"VIUSE UN ENCONTRO MOI IGUALADO E CUN GRAN RITMO DE XOGO NO QUE CONSEGUIMOS ACABAR EN CAMPO RIVAL E BUSCANDO A VITORIA ATA O ASUBÍO FINAL DO COLEXIADO"

JONY - Club Deportivo Lugo

deron un encontro no que vai de tempada, tomaron o mando do partido ao comezo das dúas partes, pero co paso dos minutos en cada metade do partido, o Lugo foi crecendo ata facerse co control a partir da posesión.

No cuarto de hora inicial

o Xuventude Oroso puxo en problemas ao Lugo cunha presión alta da que os lucenses conseguiron saír con vida ata empezar a crecer en ataque ao dispoñer de dúas ocasións por medio de Diego, mentres que un remate ao largueiro do Oroso, foron as ocasións máis claras nunha primeira parte que terminou co cero a cero inicial.

De novo a segunda parte empezou con dominio visitante, presionando a saída de balón dun Lugo que cando mellor estaba, encaixou o cero a un tras

unha perda en zona de creación.

A partir de aí, os de Jony volveron á carga e a falta de tres minutos para o final chegou o premio do gol. Un golazo que asinou André ao culminar unha asistencia de Vila cun sombreiro a un defensa visitante e unha gran finalización cun disparo cruzado.

Co asubio final do árbitro quedou a sensación de que se o partido durase un pouco máis, o Lugo podería quedarse cos tres puntos en xogo ao terminar mellor o encontro que o seu rival.

4

GOLES DE ANDRÉ esta tempada, e xa empata con Jose e con Dani coma máximos goleadores do CD Lugo este curso na Liga Galega infantil

Próxima xornada

O Lugo viaxa á Coruña para medirse cun Montañeros que vén de perder por 3-2 en Carballo e que en casa gañou dous partidos e perdeu outros dous no que vai de tempada.

O Conxo exhibiu potencial no Marcos Gómez de Viveiro

DERROTA CELESTE ANTE UN DOS MELLORES EQUIPOS DA LIGA, nun encontro no que os de Fidi xogaron con máis soltura cando peor pintaban as cousas



Alvaro a piques de sacar de portería nun partido



Árbitro: Adrián Fernández, Javier Lanzós e Raúl López Campo: Marcos Góme, Viveiro

O Conxo Santiago, seus mellores momentos terceiro clasificado da Liga Galega infantil, exhibiu potencial físico e técnico no Marcos Gómez ante o Viveiro nun partido no que os celestes tiveron os dez minutos, pero tan só

OS MELLORES

SD VIVEIRO

JAVI

JUAN LIZ

ADRIÁN

"A PESAR DEL RESULTADO PUDIMOS SACAR ALGO POSITIVO. SIN NADA QUE PERDER YA EN EL PARTIDO NOS ATREVIMOS A HACER MUCHAS COSAS CON BALÓN, PERO TENEMOS QUE ATREVERNOS TAMBIÉN CUANDO LOS PARTIDOS ESTÁN MÁS IGUALADOS"

FIDI - SD Viveiro

tres despois, o Conxo Santiago fixo o cero a un e tras unha acción moi ben elaborada chegou o cero a dous.

Acto seguido Adrián fallou un penalti cometido sobre Xoel Ferro, pero o centrocampista celeste desquitaríase do erro co paso dos minutos.

Antes do descanso os composteláns levaron o marcador ata o 0-3 cun disparo de falta afastado.

6

GOLES DE ADRIÁN DÍAZ que xa empata como máximo goleador celeste con Xoel Ferro esta tempada na Liga Galega infantil tras asinar dous ante o Conxo Santiago o pasado venres en Viveiro



1

DEBUT DE JAVI o gardameta celeste disputou os seus primeiros minutos esta tempada na Liga Galega, mentras que Xoel Pigueiras entrou por segunda vez no 11 inicial

Lonxe de baixar os brazos de cara á segunda parte, o Viveiro, cando peor pintaban as cousas, xogou o seu mellor fútbol. Os celestes perdéronlle por momentos o respecto ao Conxo Santiago e esconderonlle o balón, a pasar de que a contundencia continuou sendo dos composteláns.

O marcador foise ata o momentáneo cero a cinco antes de que Adri Díaz recortase distancias tras un saque longo do porteiro debutante, Javi. Co un a seis, o propio Adri pechou o marcador co definitivo 2-6.

CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			 Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			 Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
XOEL EIJO	Viveiro CF	6	LÓPEZ	RC Villalbés	13	AYMAN	CD Lugo B	6	MIGUEL	Milagrosa	14	XOEL F.	Viveiro CF	6	XOEL FERRO	Viveiro CF	8
DAVID	RC Villalbés	5	XOEL EIJO	Viveiro CF	11	LOMBA	CD Lugo	3	ADRIÁN	Viveiro CF	9	JOSE	CD Lugo	4	JAVI B.	Viveiro CF	8
SCHUSTER	CD Lugo	4	DIEGO	Viveiro CF	10	FREIRE	CD Lugo	3	LUCAS	Viveiro CF	9	DIEGO	CD Lugo	4	MATEO	Viveiro CF	7
MANU	CD Lugo B	3	SPEEDY	RC Villalbés B	9	BORJA	CD Lugo B	3	HUGO	Viveiro CF	9	ANDRÉ	CD Lugo	4	ÁLVARO	Viveiro CF	3
GABRI	RC Villalbés B	3	NOEL	RC Villalbés B	8	RAFA	Milagrosa	3	DAVID	Viveiro CF	8	DANI	CD Lugo	2	DAVID A.	Viveiro CF	3
GABARRE	CD Lugo	2	DANI	RC Villalbés B	7	MANU	CD Lugo B	2	ALBERTO	RC Villalbés	7	SAMUEL	Viveiro CF	2	ADRI	Viveiro CF	2
ÓSCAR	CD Lugo	2	GABRI	RC Villalbés	6	MIGUEL	Milagrosa	2	JUAN	Milagrosa	6	XAVI I.	CD Lugo	1	JUAN LIZ	Viveiro CF	2
MARTÍN	CD Lugo	2	XAIRO	RC Villalbés	6	MARCO	Milagrosa	2	RAFA	Milagrosa	6	RAÚL V.	CD Lugo	1	RAFA	Viveiro CF	1
SAMU	CD Lugo B	2	GABRI	RC Villalbés B	6	DIEGO	Milagrosa	2	DIEGO	Milagrosa	6	BRUNO	CD Lugo	1	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1
BRIAN	CD Lugo B	2	IAGO	RC Villalbés B	6	CABARCOS	Milagrosa	2	MARTÍN	RC Villalbés	6	PEPE	CD Lugo	1	SAMUEL	Viveiro CF	1
GABRI	RC Villalbés	2	DANI	Residencia	6	ADRIÁN	Viveiro CF	2	PABLO	Viveiro CF	6	LUCAS	CD Lugo	1	XOEL P.	Viveiro CF	1
SPEEDY	RC Villalbés	2	LIS	Residencia	6	MENDAÑA	Viveiro CF	2	DIEGO	RC Villalbés	5	ADRI	Viveiro CF	1	-	-	-
BUJÁN	RC Villalbés B	2	TRASI	Viveiro CF	6	HUGO	Viveiro CF	2	HUGO	RC Villalbés	5	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1	-	-	-
YAGO	Residencia	2	DAVID	RC Villalbés	5	LUIS	CD Lugo	1	MARTÍN	RC Villalbés	5	XOEL P.	Viveiro CF	1	-	-	-
FONSECA	Residencia	2	LÓPEZ	RC Villalbés B	5	MANEL	CD Lugo	1	SERGIO	Viveiro CF	5	RAFA	Viveiro CF	1	-	-	-
BORJA	Viveiro CF	2	JAVI	RC Villalbés B	5	HUGO	CD Lugo	1	LEO	Milagrosa	4	-	-	-	-	-	-
NOEL	Viveiro CF	2	MIGUEL	RC Villalbés B	5	BUIDE	CD Lugo B	1	JAVI	RC Villalbés	4	-	-	-	-	-	-
DIEGO	Viveiro CF	2	DENIS	RC Villalbés B	5	PÉREZ	CD Lugo B	1	BUIDE	CD Lugo B	3	-	-	-	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	ROI	Residencia	5	ANTÓN	CD Lugo B	1	HUGO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
GÓMEZ	CD Lugo	1	YAGO	Residencia	5	CARLOS	RC Villalbés	1	AMADO	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
YAGO	CD Lugo	1	GÓMEZ	Viveiro CF	5	CRISTIAN	RC Villalbés	1	CARLOS	RC Villalbés	3	-	-	-	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	NOEL	Viveiro CF	4	ÓSCAR	RC Villalbés	1	LUCA	Viveiro CF	3	-	-	-	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	ANIDO	RC Villalbés	3	NOEL	RC Villalbés	1	NICO	Milagrosa	3	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés	3	JAVI	Viveiro CF	1	MANU F.	CD Lugo B	2	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	NICO	RC Villalbés	3	PABLO	Viveiro CF	1	MARCO	Milagrosa	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	IVÁN RAÚL	RC Villalbés B	3	LUCAS	Viveiro CF	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	GABI	RC Villalbés B	3	-	-	-	MIGUEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	GARCIA	Residencia	3	-	-	-	MARIO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés	1	YOEL	Residencia	3	-	-	-	NOEL	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	ANXO	RC Villalbés	2	-	-	-	LOSADA	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
LÓPEZ	RC Villalbés B	1	ASIER	RC Villalbés	2	-	-	-	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
IAGO	RC Villalbés B	1	PEDRO	RC Villalbés B	2	-	-	-	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
CONDE	Residencia	1	BUJÁN	RC Villalbés B	2	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	DE LA IGLESIA	Residencia	2	-	-	-	CRISTIAN	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
DANI	Residencia	1	CONDE	Residencia	2	-	-	-	MIGUEL	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
CANCIO	Residencia	1	CANCIO	Residencia	2	-	-	-	JOSE	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
ROI	Residencia	1	CANCIO	Residencia	2	-	-	-	MARCOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro CF	1	BORJA	Viveiro CF	2	-	-	-	VEIGA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro CF	1	MARTÍN	RC Villalbés	1	-	-	-	MARTÍN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JUAN	Viveiro CF	1	CABADO	RC Villalbés B	1	-	-	-	CARLOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
MIGUEL	RC Villalbés B	1	DAVID	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
NICO	RC Villalbés	1	ADRI	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	ÁNGEL	Residencia	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	JUAN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
-	-	-	IVÁN	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN
DO FÚTBOL BASE LUCENSE



Arrincou a segunda volta do campionato no Grupo Centro

O ÚNICO DOS TRES QUE TIVO XORNADA e no que os dous primeiros, Piringalla e Polvorín, volveron empatar coma sucedera no partido da primeira volta

Dous empates e vitoria do Sagrado Corazón ante o Castro nos tres partidos disputados esta fin de semana na categoría cadete, a única de fútbol 11 provincial na que se xogaron encontros.

O máis interesante a nivel clasificatorio, o que enfrontaba a primeiro e segundo, Piringalla e Polvorín, que se saldou con empate como xa sucedera na primeira volta e que mantén o máis alto da táboa cos dous equipos con 17 puntos.

O encontro foi de máxima igualdade ao longo dos 80 minutos, cedéndolle o balón a Piringalla aos amarelos en busca de erros para tratar de combinar cos seus dianteiros. Pero o Polvorín mos-

trouse moi serio en defensa e non concedeu apenas opcións, mentres que en ataque tiveron oportunidade de facer gol por medio de Fer, Santi, Pedro e Diego, que tiveron as máis claras. Aínda así, o marcador non se movería no Rodríguez Lago e a Piringalla continúa no máis alto, sabendo que un tropezo daría opcións ao Polvorín de tomar o liderado.

Táboas tamén no encontro entre Ferroviaria e Residencia B, os locais conseguiron remontar na segunda metade o 0-2 da Resi nos primeiros 40 minutos por medio de Marko, Ahito e Ansede, pero a falta de catro para o final, Cillero asinaba o definitivo 3-3.

No encontro que media a Sagrado e Castro, segundo triunfo consecutivo para os branquiazuis, que se impuxeron por 7-1 aos chaireiros. Os

de Álex Vázquez suman tres xornadas sen puntuar e a próxima fin de semana ante a Ferro buscarán revertir a situación.



David, do Polvorín, protexendo o balón ante Hugo

Pichichi CADETE PROVINCIAL			Regularidade CADETE PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
MANU	Castro	9	ADAN	Piringalla A	13
MANU	Piringalla A	8	MANU	Castro	11
ABUÍN	CD Foz	7	FRAN	Sagrado C.	10
IKER	Piringalla A	7	DANI	Casás	9
ÁLEX	Ribadeo	7	ERIK	Resi B	9
HUGO S.	Burela	6	DIGUI	Ferroviaria	8
IVÁN	Burela	6	NICO	Monterroso	7
MANU	Resi A	6	SIMÓN	Piringalla B	7
NICO	Ribadeo	6	MANU	Resi B	7
CARLOS	Becerreá	5	CARLOS	Becerreá	6
CRISTOBAL	Piringalla A	5	IVÁN	Burela	6
AARÓN	Burela	4	IVÁN	Casás	6
IVÁN	Casás	4	SERGIO	Castro	6
SAMI	Casás	4	ABUÍN	CD Foz	6
YAGUITO	Polvorín A	4	RAÚL	Ferroviaria	6
OTERO	Becerreá	3	LUCAS	Lourenzá	6
RAMIRO	Burela	3	IKER	Piringalla A	6
DAVID	Polvorín A	3	JAVI	Polvorín A	6
JOSE	Polvorín A	3	ELOI	Polvorín B	6
NICO	Resi A	3	SEBAS	Resi A	6
ANTÓN	Resi A	3	GOAS	Resi A	6
ÁLEX	Sagrado C.	3	ALONSO	Resi B	6
IKER	Becerreá	2	MIGUEL A.	Ribadeo	6
YAGO	Burela	2	ÁLEX	Sagrado C.	6
ELOY	Casás	2	NACHO	Sarriana	6
IVÁN	Castro	2	IAGO	Becerreá	5
JOSE M.	CD Foz	2	ANTÓN	Becerreá	5
ABRAHAM	CD Foz	2	YAGO	Burela	5
ANSEDE	Ferroviaria	2	AIMAR	Castro	5
RATOEIRA	Lourenzá	2	CARLOS	CD Foz	5
AYOUB	Lourenzá	2	SERGIO	CD Foz	5
RODRI	Monterroso	2	ANSEDE	Ferroviaria	5
JORGE	Monterroso	2	AYOUB	Lourenzá	5
ADÁN	Piringalla A	2	MANU	Monterroso	5
FER	Polvorín A	2	BARREIRO	Piringalla A	5

CADETE PROVINCIAL CENTRO



Samuel do Polvorín e D. Barreiro pelexando polo coiro

Piringalla e Polvorín volveron asinar táboas, coma fixeran na primeira volta

PIRINGALLA A		0
EF POLVORIN A		0
Ian	Christian	
Mateo	Pedro	
Hugo	Fer	
Noé	Conde	
Xoán	Nico Vázquez	
Steven	Jose	
Adán	Diego V.	
Barreiro	Javi	
D. Lorenzo	Lucas	
Cristobal	Samuel	
Joel	David	
Cabana	Manu C.	
Cristian	Marquitos	
Edu	Santi	
	Pablo Reigosa	
	Roberto	

Encontro sen goles disputado no Municipal Rodríguez Lago
Arbitro: JIMENEZ JIMENEZ DAVID



Amin, do Sagrado, pisando o balón diante de Manu

O Sagrado Corazón tamén pesca ante un Castro que segue en horas baixas

SAGRADO CORAZÓN		7
CD CASTRO		1
Alan	Salah	
San Emeterio	Richi	
Isma	Pablo	
Alberto	Oscar	
Fran	Miguel	
Adri	Aarón	
Carlos	Hugo	
Alex	Lucas	
Sergio	Manu	
Amin	Aimar	
Jimmy	Iván	
Aarón	Brais	
Manu	Fran	
Dawit	Sergio	
Jose	Balado	
	Vidal	

Goles: Álex (3), Amin (2), Dawit e Aarón para o Sagrado, Manu a favor do Castro.
Arbitro: LANZOS REYANTONIO JAVIER



Álex protexe o balón de Aimar ante a mirada de Fran

Táboas en Friga nun partido con moitas alternativas no marcador e no xogo

FERROVIARIA		3
RESIDENCIA B		3
Pedro	Eladio	
Ansede	Nacho	
Orozco	Erik	
Mario	Iván	
Cervantes	Manu	
Amadeo	Alonso	
Diego	Xabi	
Mauro	Rodrigo	
Samu	Álvaro	
Brais	Cillero	
David López	Nico	
Marko	Quintás	
Carmelo	Santi	
Miñocas	Hugo	
Ahito	Carlos	
Teijeiro	Dani	

Goles: Marko, Ahito e Ansede a favor da Ferroviaria, Cillero (2) e Álvaro para a Residencia.
Arbitro: POLO FERNANDEZ JUAN CARLOS

“A INTENSIDADE DURANTE OS OITENTA MINUTOS É O QUE NOS LEVOU A DARLLE A VOLTA AO RESULTADO. AÍNDA QUE NON DEMOS PECHADO O PARTIDO, SABOR AGRIDICE PERO DOSIS DE MOTIVACION”

DIEGO - Ferroviaria

“TENEMOS QUE ESTAR CONCENTRADOS LOS OCHENTA MINUTOS”

CÉSAR - Residencia

“PARTIDO MUY DISPUTADO CON IGUALDAD MÁXIMA ENTRE LOS DOS EQUIPOS HASTA EL ÚLTIMO SEGUNDO DE JUEGO”

LUIS AGRA - Piringalla A.

“ENCUENTRO MUY SERIO E IGUALADO ANTE UN GRAN RIVAL. ESTOS PARTIDOS SON LOS QUE NOS HACEN MEJORES”

CABALLERO - EF Polvorín

“SOMOS UN EQUIPO MUY JOVEN EN EL QUE EL ÚNICO OBJETIVO ES LLEGAR A JUGAR BIEN A FINAL DE TEMPORADA CON EL PASO DE LAS JORNADAS”

BRAIS - Sagrado Corazón

“ESTOU CONVENCIDO DE QUE VOLVEREMOS AO NOSO NIVEL REAL DE XOGO MÁIS CEDO QUE TARDE”

ÁLEX VÁZQUEZ - CD Castro

CLASIFICACIÓNS PREBENXAMÍN PRIMEIRA PROVINCIAL

12

PUNTOS DO BURELA A
o cadro mariño segue presentando candidatura ao Provincial prebenxamín tras sumar a súa cuarta vitoria noutros tantos encontros disputados. Os últimos tres puntos tras asaltar con autoridade a Magdalena onde se impuxeron por un gol e once ao Racing Villalbés B

PREBENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS

Villalbés A – Stgo. Foz **4-2**
Burela B – Ribadeo A **1-5**
Villalbés B – Burela A **1-11**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
SD PORTO BURELA "A"	12	4	4	0	0
RACING C. VILLALBÉS "A"	10	4	3	1	0
S.D. RIBADEO "A"	4	4	1	1	2
SD PORTO BURELA "B"	3	4	1	0	3
AD SANTIAGO DE FOZ	1	3	0	1	2
RACING C. VILLALBÉS "B"	1	3	0	1	2

PRÓXIMA XORNADA

Stgo. Foz - Burela B Burela A - Villalbés A
Ribadeo A - Villalbés B

PREBENXAMÍN 1º SUR A

RESULTADOS

CD Corgo – Casás **6-3**
Piringalla C – Abuin **2-0**
CP Lucense – Sagrado **Apr.**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
C.D. CORGO	6	2	2	0	0
AD FERROVIARIA "A"	3	1	1	0	0
ADC SAGRADO	3	1	1	0	0
PIRINGALLA/M AUX C	3	2	1	0	1
CPOL LUCENSE	0	0	0	0	0
C.P. CASÁS	0	2	0	0	2
ATLETICO ABUIN	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Ferroviaria A - CD Corgo Abuin - CP Lucense
Casás - Piringalla C

PREBENXAMÍN 1º SUR B

RESULTADOS

Polvorin A – Piringalla A **Xoves**
Ferroviaria B – Monterroso **3-0**
Milagrosa B – CD Lugo A **2-8**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
C.D. LUGO S.A.D. "A"	12	4	4	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	6	3	2	0	1
A.D. FERROVIARIA "B"	6	4	2	0	2
S.C.D. MILAGROSA "B"	6	4	2	0	2
EF POLVORIN "A"	0	2	0	0	2
MONTERROSO S.D.	0	3	0	0	3

PRÓXIMA XORNADA

Piringalla A - Monterroso CD Lugo A - Polvorin A
Ferro B - Milagrosa B

PREBENXAMÍN 1º SUR C

RESULTADOS

Sarriana – Residencia **2-8**
Milagrosa A – CD Lugo B **3-9**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
SD RESIDENCIA	6	2	2	0	0
C.D. LUGO S.A.D. "B"	3	1	1	0	0
S.D. SARRIANA	3	2	1	0	1
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	0	1	0	0	1
S.C.D. MILAGROSA "A"	0	1	0	0	1
EF POLVORIN "B"	0	1	0	0	1

PRÓXIMA XORNADA

Polvorin B - Sarriana Piringalla B - Milagrosa A

2

PARTIDOS NO GRUPO SUR B
esta xornada na categoría prebenxamín, ambos corresponsables ao grupo Sur A, nos que a Ferroviaria B se impuxo ao Monterroso por tres goles a cero en Friga, mesmo escaerío no que o Lugo A continuou coa súa xeira de vitorias tras impoñerse por dous goles a oito a Milagrosa B



Hugo e Samuel, da Milagrosa, perseguindo o coiro



O colexiado Iago Peralta conversando cos xogadores



Iago protexendo o balón ante Alberto, do CD Lugo

CLASIFICACIÓNS BENXAMÍN PRIMEIRA E SEGUNDA PROVINCIAL

BENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS

Viveiro A – CD Lugo A **1-3**
SD Ribadeo A – Xove Lago **2-1**
Villalbés A – Stgo. de Foz **7-0**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO A	6	2	2	0	0
RC VILLALBÉS A	3	1	1	0	0
XOVE LAGO	3	2	1	0	1
STGO DE FOZ	3	2	1	0	1
SD RIBADEO A	3	2	1	0	1
PORTO BURELA A	0	1	0	0	1
SD VIVEIRO A	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Porto Burela A - Viveiro A Xove Lago - RC Villalbés A
CD Lugo A - Ribadeo A

BENXAMÍN 1º SUR

RESULTADOS

Polvorin A – Milagrosa A **2-2**
Piringalla A – Residencia **6-3**
CD Lugo B – CP Lucense A **2-2**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CPOL LUCENSE "A"	8	4	2	2	0
A.D.C. A PIRINGALLA "A"	6	4	1	3	0
EF POLVORIN "A"	5	4	1	2	1
C.D. LUGO S.A.D. "B"	5	4	1	2	1
S.C.D. MILAGROSA "A"	4	4	1	1	2
S.D. RESIDENCIA	3	4	1	0	3

PRÓXIMA XORNADA

Lucense A - Polvorin A Residencia - CD Lugo B
Milagrosa A - Piringalla A

BENXAMÍN 2º NORTE

RESULTADOS

RC Villalbés C – Ribadeo B **2-1**
Viveiro B – RC Villalbés B **4-1**
Burela B – Río Ouro **0-2**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
S.D. VIVEIRO "B"	12	4	4	0	0
RACING C. VILLALBÉS "C"	9	4	3	0	1
A.D. RIO OURO	9	4	3	0	1
S.D. RIBADEO "B"	3	4	1	0	3
RACING C. VILLALBÉS "B"	3	4	1	0	3
PORTO DE BURELA "B"	0	4	0	0	4

PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo B - Viveiro B Río Ouro - Villalbés C
Villalbés B - P. Burela B

BENXAMÍN 2º SUR A

RESULTADOS

Corgo – Piringalla D **2-0**
Fonsagrada – Abuin **4-1**
CP Lucense – Sagrado B **1-6**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
ADC SAGRADO "B"	6	2	2	0	0
C.D. CORGO	6	2	2	0	0
S.G. COMERCIAL	3	1	1	0	0
FONSAGRADA BALOMPE	3	2	1	0	1
CPOL LUCENSE "B"	0	1	0	0	1
A.D.C. PIRINGALLA "D"	0	2	0	0	2
ATLETICO ABUIN	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Comercial - Corgo Abuin - CP Lucense B
Piringalla D - Fonsagrada

BENXAMÍN 2º SUR B

RESULTADOS

Sagrado A – Ribeira **2-0**
Piringalla B – Antas **1-1**
Ferroviaria B – Palas **5-4**
Monterroso A – Piringalla E **5-0**

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
SAGRADO CORAZON "A"	6	2	2	0	0
A.D. FERROVIARIA "B"	6	2	2	0	0
A.D.C. A PIRINGALLA "B"	4	2	1	1	0
MONTERROSO S.D. "A"	3	2	1	0	1
RIBEIRA F.S.	3	2	1	0	1
S.D. ANTAS	1	2	0	1	1
PALAS C.D.	0	2	0	0	2
A.D.C. A PIRINGALLA "E"	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Sagrado A - Piringalla B Palas - Monterroso A
Antas - Ferroviaria B Ribeira - Piringalla E

BENXAMÍN 2º SUR C

RESULTADOS

Polvorin B – Milagrosa B **6-2**
Sarriana – Piringalla C **3-6**
Becerreá – Monterroso B **5-1**
Ferroviaria A – Piringalla F **1-5**

CLASIFICACIÓNS


Equipo	Pts	X	G	E	P
S.D. BECERREÁ	6	2	2	0	0
EF POLVORIN "B"	4	2	1	1	0
PIRINGALLA/M AUX	4	2	1	1	0
S.D. SARRIANA	3	2	1	0	1
S.C.D. MILAGROSA "B"	3	2	1	0	1
PIRINGALLA/SALES	3	2	1	0	1
A.D. FERROVIARIA "A"	0	2	0	0	2
MONTERROSO S.D. "B"	0	2	0	0	2

PRÓXIMA XORNADA

Polvorin - Sarriana Monterroso B - Ferro A
Piringalla C - Becerreá Milagrosa B - Piringalla F



Lucas, da Piringalla, perseguido por Pablo, da Residencia



David dando instrucións aos seus xogadores na Friga



Pepe conducindo o coiro ante a mirada de Lomba



Hernán, da Residencia, e Hugo loitando polo esférico



O laranja Javi e Pablo perseguindo o coiro



Pepe conducindo o coiro ante a mirada de Lomba

6

PARTIDOS BENXAMÍN
disputáronse esta xornada, entre á Primeira División Sur e a Segunda Norte, en Primeira A Piringalla A impúxose en Friga á Residencia por 6-3, mentres que os enfrontamentos entre Polvorin A e Milagrosa B e Lugo B ante Lucense A remataron con senllos empates a dous goles

1

EQUIPO SEN PROVINCIAL
No Grupo de Primeira Sur A clasifícanse para o Provincial benxamín 4 dos seis equipos que participan, pero como todo fai indicar, o Lugo A logrará o pase dende o Grupo Norte, polo que o Lugo B non podería xogar o Provincial. Deste xeito entraría o quinto clasificado, polo que tan só un equipo quedaría sen clasificarse

Lucía Pardo

A XOGADORA DO PM FRIOL, CONVOCADA POLA SELECCIÓN ESPAÑOLA PROMESAS. Formada no Outeiro de Rei de fútbol sala e na Milagrosa de fútbol campo, antes de recalar no seu actual equipo con 15 anos, é a primeira xogadora lucense que recibe a chamada do combinado nacional

A xogadora do Peluquería Mixta Friol, Lucía Pardo, acaba de ser convocada por Montse Tomé para participar na primeira concentración da recentemente creada Selección Española Absoluta Promesas Feminina. A xogadora lucense é, ademais, a única das citadas que compite na segunda categoría do fútbol feminino nacional, a denominada Liga Reto Iberdrola.

A xogadora seleccionada por Montse Tomé traballará na Cidade do Fútbol das Rozas entre o 5 e o 7 de novembro de 2019, nunha concentración que será histórica tamén para o fútbol lucense feminino, xa que Lucía Pardo é a primeira xogadora lucense que recibe a chamada dun combinado nacional.

A Real Federación Española de Fútbol anunciou nas últimas horas a creación desta Selección Promesas, unha selección feminina que se situará entre a sub 19 e a Selección Absoluta e que pasará a ser dirixida por Montse Tomé, que compatibilizará esta función coa de axudante técnica da absoluta feminina. A Selección Promesas dará cabida ás xogadoras que acaban a súa etapa nas categorías inferiores e teñen potencial para chegar á Selección Absoluta, e tamén para as xogadoras que por nivel poderían estar na primeira selección pero por cota non chegan a entrar entre as convocadas en cada concentración.

O funcionamento será como o dun primeiro equipo e un filial, tendo sesións de adestramento simultáneas, podendo disputar partidos de adestramento entre ambas as seleccións.

Traxectoria deportiva

Lucía Pardo deu os seus primeiros pasos no mundo do fútbol no Outeiro de Rei, xogando a fútbol sala e xa dando moito que falar en idades moi novas. Lucía deu o salto a fútbol campo coa Milagrosa compartindo vestiario con Esther Castedo que, agora dedicada ao baloncesto, é unha habitual nas convocatorias das seleccións españolas. Lucía e Esther tamén colleitaron éxitos coa Selección Galega de fútbol oito.

Aos quince anos Lucía Pardo fichou polo Peluquería Mixta Friol, club ao que segue pertencendo e dende o que recibiu a chamada da Selección Española Promesas.



Lucía Pardo posando coa camiseta da Selección Española tras coñecer a súa convocatoria



Lucía Pardo nos seus inicios co Outeiro de Rei de fútbol sala



Lucía pisando o balón nun partido coa Milagrosa de fútbol oito



Lucía na súa etapa máis recente co Peluquería Mixta Friol



A xogadora lucense celebrando un gol con Esther Castedo ao fondo